

TRAGABOLAS

MARIÑOS



Ola a tod@s,

Hoxe imos a crear unha manualidade que ten unha finalidade lúdica, xa veredes canto ides poder xogar con ela, trátase dun tragabolas.

Para a súa elaboración imos precisar os seguintes *materiais*:

- Botellas de plástico ou rolos de papel hixiénico
- Témpera ou rotuladores de cores permanentes
- Cordel ou similar
- Caixa plástica dos ovos kinder (onde ven a sorpresa)
- Tesoiras ou similar

A continuación, procedemos a súa *elaboración*:

1º- Cortamos a botella de plástico pola metade (se o fas con rolos de papel hixiénico, xa non tes que cortalos, pero si que lle tes que facer unha tapa por un lado, coa axuda de outro rolo de papel hixiénico)

2º- Decoramos ao noso gusto a botella, semellando o animal mariño que máis che gusta, e deixámola secar (se fas o polbo, para as patas podes empregar palillos ou algo similar).

3º- Facémoslle un buraco o tapón.

5º- Inserimos o cordel polo buraco do tapón e facémoslle un nó, para que non se solte.

6º- Decoramos a caixa plástica do ovo kinder, simulando ser un peixiño pequeno que o van comer.

7º- Facémoslle un buraco a caixa do ovo kinder por un lado, e inserimos o cordel dentro da mesma, onde logo lle faremos un nó para que non se solte.

Agora, xa temos listo o noso tragabolas para nos divertir... cantas veces lograrás meter a bola na boca do animal mariño que escolleche?

Aquí che deixo algúns exemplos para que che sirvan de inspiración.

